

NOTA DE PRENSA DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA:

DESESTIMADO O RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR ELNOSA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ven de notificar á Asociación pola defensa da Ría a resolución do recurso de alzada interposto por ELNOSA contra a resolución da Dirección de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería, do 14 de setembro de 2006 pola que se poñía fin ao procedemento de obtención da autorización ambiental integrada para a planta química de Lourizán.

ELNOSA, tiña solicitado en marzo de 2005, de acordo coa esixencia da lei de prevención e control integrado da contaminación, a solicitude de autorización ambiental integrada. Despois do período de exposición pública no que a solicitude recibiu alegacións da APDR nas que se facían ver os danos ambientais e os perigos asociados á actividade da empresa e de ser informada por diversos organismos da administración, incluído o Concello de Pontevedra, a Dirección de Calidade e Avaliación Ambiental, ditou a súa resolución e arquivou as actuacións. O 18 de outubro de 2006 ELNOSA presentou o recurso de alzada que agora ven de se desestimado.

A pesar de que ELNOSA aínda pode recorrer á vía do recurso contencioso administrativo no parece probable que, dado o disparatado da fundamentación xurídica da empresa o faga, e en calquera caso pode considerarse como moi remota a posibilidade de que tal recurso pudiera prosperar.

Diante desta situación, a empresa, debería comezar xa a planificar o desmantelamento das instalacións en condicións de seguridade, desmantelamento que, dada a cantidade de produtos tóxicos acumulados e ao potencialidade de risco dunha industria desa antigüidade, vai ser un proceso complexo e non exento de perigos. Neste sentido é necesario que dende a administración se tutele esta fase do proceso para garantir que se produza en condicións de seguridade.

Esta decisión da Consellería de Medio Ambiente abre unha vía de recuperación das marismas de Lourizán para o dominio público marítimo terrestre e a recuperación ambiental da Ría de Pontevedra, un camiño que cabe esperar que pronto sexa continuado por ENCE. En efecto, a fábrica de pasta de ENCE estaba obrigada a solicitar a súa declaración ambiental antes do 1 de xaneiro de este ano, cabe agardar que pronto saia a exposición pública a mesma, que presenta moitos aspectos similares á de ELNOSA pero cun volume de vertidos contaminantes moi superior e que cabe agardar que tamén será arquivada. Estase a abrir xa que logo un horizonte optimista no que se refire ao saneamento ambiental da Ría de Pontevedra e á recuperación e conservación dos seus recursos e valores naturais co que iso vai supoñer a nivel de mellora da calidade de vida de todos os habitantes da bisbarra.

Pontevedra, 7 de febreiro de 2007
Pola Asociación pola defensa da Ría
Benito Andrade